

## OBRADOIRO DE COMUNICACIÓN

Rosa Quintas Losada

Pensando no interese que desperta sempre nos alumnos o sentirse protagonistas cando relatan as súas propias vivenzas, ou mostran o que coñecen dalgunha cuestión determinada, intentamos elaborar unha proposta didáctica para alumnos do terceiro ciclo do Ensino Primario, aproveitando esa motivación para conseguir unha clase activa e participativa na que se poidan conseguir os seguintes obxectivos: estimular o traballo dos alumnos, favorecer o intercambio dos seus coñecementos e vivenzas, e potenciar a linguaxe oral. Esta proposta só é, en último termo, un modelo orientativo e flexible de traballo para levar á aula e sempre será o profesor, o que poderá aceptalo ou modificalo en función dos seus alumnos.

Partimos dun conto popular, cunha protagonista moi ligada a unha das manifestacións culturais de maior arraigo e tradición na nosa comunidade e moi celebrado nas nosas escolas: "*O magosto*".

O texto vai servir para que o alumno coñeza a súa estrutura e contido, xogue cos seus elementos utilizando actividades que nos permitan experimentar e, a partir del, crear.

Consideramos que, desde unha perspectiva didáctica, hai que pasar da mera contemplación pasiva do texto, á súa análise para que o lector o faga seu, o vivencie, e, ó mesmo tempo que toma conciencia dos recursos e técnicas utilizadas polo autor, o alumno se dea conta de que el tamén pode realiza-las súas propias producións.

### AVALIACION INICIAL.

-Un conto é unha narración breve de feitos reais ou imaxinarios.

V  F

-Para comprobar se diferencias as partes dunha narración une con flechas estas dúas columnas.

<i>Presentación</i>	Final da narración
<i>Desenvolvemento</i>	Descrición dos personaxes, lugar, etc...
<i>Desenlace</i>	Serie de accións que se contan

-Coñeces algúns contos que servisen de argumento para facer unha película. Nomeaos.

---



---



---



---



---

-En toda narración hai uns elementos esenciais que teñen un papel ou significado dentro dela. Para demostrar que os coñeces une as palabras da columna coa súa resposta correcta:

O narrador é:	O lugar no que se desenvolve a acción
Os protagonistas son:	O que conta a historia
A acción é:	Os personaxes do relato
O ambiente é:	Os sucesos que se narran

### A CASTAÑA

Nun currucho do mundo, onde non todos tiñan nariz, había unha castaña que vivía no alto dun castiñeiro moi gordo, tanto que para abraza-lo seu toro facían falla sete homes agarrados polas mans, facendo un círculo.

Cando era unha rapaza, era como unha flor, e todo o mundo a miraba e a cheiraba; ata as abellas viñan zugarlle o néctar que era máis doce có mel.

Máis adiante, a flor volveuse unha castaña nova, quitou a roupa de nena e púxose unha capa moi brillante de cor marrón.

Toda fachendosa paseabase pola súa árbore e ía observando todo o que pasaba pola súa beira.

Víu a moitos animais e moitos, moitos paxaros. Todos buscaban comida e os que se subían ás árbores, cando vían unha castaña alumeada polos raios do sol, de seguida querían comela. Por iso a castaña nova pasaba o día agachándose debaixo das follas do castiñeiro, que eran coma as plumas protectoras dun paxaro xigante de cor verde.

Pero a castaña cansou de tanto agacharse e pasar medo.

Un día víu un ourizo pequeno que paseaba tan tranquilo polo souto e decidiu facerse tamén unha capa de picos para que ninguén se atrevese a comela. Ademais fixoa de cor verde para quedar mais agachada entre as follas.

Dende aquel día vivíu moi tranquila e pasou un verán moi ledo cos seus amigos. Pres-táronlle tanto estas vacacións, que engordou moito e así estaba ben preparada para soporta-la choiva e a friaxe do Outono.

Cando o Outono chegou, escomezou a chover e todo o souto foi cambiando de cor: do verde ó amarelo e do amarelo ó marrón. Tanto se lle mollaron as roupas á castaña que xa non había por onde collelas. Por fin un día de vento, cando o abrigo de picos, de tan podre, empezaba a abrírselle, caíu ó chan enriba de moitas follas amigas súas que xa caíran días antes.

A castaña tiña moitas ganas de quedar tapada polas follas que aínda quedaban nas árbores, pero o vento amainou e o souto quedou quieto e silencioso.

Se súpeto, a castaña sentíu que o chan movíase a carón dela; unha parella de porcos viña cara a ela. Non se atrevía nin a respirar. Toda amedrentada viu como comían a unhas compañeiras súas que estaban a poucos metros de distancia, pero por fin marcharon.

Ó día seguinte, cando xa estaba cuberta polas follas, sentiu pasos e voces de persoas. Viu unha morea de xente que apañaba tódalas castañas qua atopaban. Ela púxose moi triste pensando que desta vez non se escaparía. Pero por sorte, nin a viron. Pisárona e pasaron de largo.

A castaña era feliz; se todo ía ben, cumpríraselle o seu meirande desexo: converterse nun castiñeiro coma os seus amigos do souto. Despois de moitos días de perigos, o vento e maila choiva cubrírona de follas e de lama e quedou soterrada.

Agora facíalle falla agarrarse ben á terra e aguantar todo o frío do inverno.

Na seguinte primavera, cando xa facía máis sol, a castaña, que xa tiña pernas e pes que a agarraban ó chan, sacou o nariz para ve-lo mundo coa súa nova cara de árbore e viu un souto ven cargadiño de follas novas.

O nariz voltóuselle verde e comenzaron a medrarlle brazos e mans tamén verdes, e ollos de cores.

Cos anos, fíxoselle un toro que tiñan que abrazalo, non sete homes senón sete veces sete.

## **I.- COÑECEMENTO DO TEMA:**

1.1. Investigación (na casa) sobre:

¿Que é o magosto?

Orixe e significación da festa.

Lugar de celebración.

¿Cando se celebra?

Ritual do magosto. (¿Como se fai?)

Elementos do magosto (A castaña, o viño, leña..)

Ciclo biolóxico da castaña.

Utilidades da castaña.

## 1.2. Investigación no colexio.

Vocabulario específico:

- Ourizo      -Candea      -Castiñeiro
- Souto      -Canizo      -Outono
- Ouriceira   -Bulló      -Baloria
- ”pinga-las castañas”

## II.- FASE DE LECTURA.

A lectura levarase a cabo en diversos momentos para ir alcanzando en cada un deles niveis de máis profundidade.

- . Lectura silenciosa.
- . Lectura en voz alta -ben entonada- polo profesor.
- . Lectura en voz alta alternada polos alumnos.
- . Lectura silenciosa para que ó rele-lo texto vaian subliñando as palabras descoñecidas e buscando o seu significado.
- . Lectura dramatizada para que recreen o texto.

## III.- CUESTIONARIO DE COMPRESIÓN LECTORA.

Esta actividade lévase a cabo coa orientación das seguintes preguntas-guía.

- 1.- A castaña vivía:
  - Nun castiñeiro pequeniño.
  - Nunha casa.
  - Nun castiñeiro moi gordo.
- 2.- ¿Como era a castaña de rapaza?
  - Como unha abella.
  - Como unha flor.
  - Como un paxaro.
- 3.- ¿Por que as abellas lle zugaban o néctar?
  - Porque era máis doce co azúcar.
  - Porque era máis doce co mel.
  - Porque son unhas piconas.
- 4.- ¿Que vestido puxo a castaña cando deixou de ser nena?
  - Unha camisa marrón.
  - Un vestido laranxa.
  - Unha capa moi brillante de cor marrón.
- 5.- ¿Que problema tiña a castaña co seu novo vestido?
  - Que lle quedaba longo.
  - Que se vía moito e os animais querían comela.
  - Que non lle gustaba.
- 6.- ¿Como solucionou este problema?
  - Facendo unha capa de picos.
  - Meteuse nun burato.
  - Púxose a chorar.
- 7.- ¿Por que fixo a capa de picos de cor verde?
  - Para estar máis fermosa.
  - Para quedar máis agachada entre as follas.
  - Porque lle gustaba así.

8.- ¿En que época do ano engordou e estivo máis leda a castaña?

-Nas vacacións de Nadal.

-Nas vacacións de verán.

-En Semana Santa.

9.- ¿Que cambios houbo no souto coa chegada do Outono?

-O souto cambiou de cor.

-O souto encheuse de flores.

-O souto quedou deserto.

10.- ¿Que lle pasou a castaña o día que fixo moito vento?

-Que se mareou.

-Colleuna o frío.

-Caeu o chan.

11.- ¿Que facía a parella de porcos no souto?

-Corrían.

-Comían castañas.

-Comían follas.

12.- ¿Que facía a xente no souto?

-Apañaba as castañas.

-Tomaban ó fresco.

-Merendaban.

13.- ¿Cal era o meirande desexo da castaña?

-Casar.

-Convertirse nun castiñeiro.

-Ser un paxariño.

14.- ¿Que lle pasou a castaña despois de moitos días de perigo?

-Quedou soterrada.

-Marchouse do souto.

-Comeuna un rapaz.

15.- ¿En que se convertíu a castaña?

-Nun castiñeiro.

-Nun paxariño.

-Nun porco.

16.- ¿Cantos homes se necesitaban para abraza-lo toro do castiñeiro?

-Mil.

-Sete veces sete.

-Setenta e sete.

### **-ACTIVIDADES DE GRUPO:**

-¿Cantos parágrafos ten o texto?

-Indicade entre que parágrafos están cada unha das partes da narración: presentación, desenvolvemento e desenlace.

-¿Cal é a idea principal de cada párrafo?

-Tomando as ideas da actividade anterior facede un comic que resuma o texto. Seguro que dentro de cada grupo hai algúns alumnos que debuxan ben, estos confeccionaran as viñetas, e os restantes compoñerán o texto.

-Rematade doutra forma o conto; podedes escoller algunha destas variantes:

-Acaba-lo conto cun diálogo.

-Acaba-lo cunha pregunta.

-Acabar cun proverbio ou refrán.

-Inventar un final moi realista ou moi fantástico.

-Posta en común dos traballos realizados por cada un dos grupos.

-Cubride o seguinte cadro.

¿Quen é o narrador?	
¿Que persoa gramatical utiliza (1ª, 2ª 3ª)?	
¿Quen é o personaxe principal?	
¿Quen é o personaxe secundario?	
Alusións espaciais	
Alusións temporais	

-Reescribide o texto de novo cambiando o punto de vista. Pasar da terceira persoa a primeira persoa narrativa. Para facelo tendes que cambiar tódolos pronomes e formas verbais que indiquen persoa gramatical de terceira a primeira persoa. Respetade a estrutura externa do texto (extensión, división en paragrafos, etc...)

-Posta en común para ir comentando os efectos producidos ó utiliza-lo punto de vista da primeira persoa.

#### IV.- PEQUENA INFORMACIÓN.

O castiñeiro existe en Galicia desde a Era Terciaria, e a súa distribución foi maior desde a época dos Romanos para beneficiarse da súa excelente madeira, que ten moitos empregos, e da súa froita, xa que a castaña é unha fonte alimenticia de gran valor.

Coa castaña fabrícase unha especie de fariña que foi moi utilizada ata que se introduciu a pataca. Desde o primitivo consumo doméstico (caldo, con leite, asada, en pueé, etc...), pasouse a súa explotación industrial, por ser un produto moi estimado na alta cociña e repostería selecta (fresca, conxelada, en almibar, puré, marrón glasé, sopa, mermelada, ensalada, etc...).

Hai castiñeiros moi famosos polos seu tamaño, como foi o de Folgueira de Sobrado de Picato, na parroquia lucense de San Cirilo de Recesende, con 16 m. de circunferencia, talado nos anos 60 por que lle daba “moita sombra” os cultivos que o rodeaban, e tamén o da parroquia de San Cristobal de Armariz, en Nogueira de Ramuin, na provincia de Ourense, co mesmo tamaño.

Aínda que o castiñeiro se encontra en tódalas provincias galegas a súa distribución é distinta.


4.1. Comenta co teu profesor o seguinte cadro.



Castanea sativa. Detalle y distribución — área ■ soutos abundantes

4.2. Como xa sabemos, coa castaña elaboranse moitas cousas. ¿Poderías escribi-la receta dalgún plato ou postre feito con elas e calcular o seu custo.

**INGREDIENTES:**



**PREPARACIÓN:**



**CUSTO:**

4.3. ¿Sabes que é “marrón glacé”?

4.4. Colle a etiqueta dun produto comercial calquera que teñas na túa casa e elabora unha lista coas informacións que conteña.

4.5. Agora inventa un produto feito con castañas (pon alas á túa imaxinación) e confecciona a súa etiqueta comercial.


**V.- ACTIVIDADES E XOGOS DE LECTURA.**

**Sopa de letras.**

-Busca 7 nomes que teñen relación co magosto.

A	O	U	T	O	N	O	R
M	S	T	X	Y	A	F	S
C	A	S	T	A	Ñ	A	I
O	S	G	F	R	E	T	J
V	A	J	O	I	V	S	L
R	L	A	N	S	B	I	M
I	L	S	O	U	T	O	U
Z	O	K	V	I	Ñ	O	Z
O	F	O	E	I	N	C	A

## Cantiga.



1. A castaña no ourizo vou decirvo-lo que fai:  
Cando está verde madura, cando está madura cae.
2. A castaña no ourizo quixo rir e rabeou,  
caeu do castaño embaixo, mira que pago levou.

## Refraneiro.

-Completa os refráns coas palabras do recadro.

Martiño  
trompos  
María  
viño  
castañas  
Manoel  
Novembro

- 1.- No mes de \_\_\_\_\_ e o tempo das \_\_\_\_\_  
e polo santo de San \_\_\_\_\_ cómense asadas.
- 2.- En San Mariño \_\_\_\_\_ ó camiño.
- 3.- Señora \_\_\_\_\_, Señor \_\_\_\_\_  
castañas asadas e \_\_\_\_\_ con mel.

## Adiviñas.

¿Que cousa é  
que se asa no forno  
que se come con viño  
e ten a festa no San Martiño?

¿Que cousa cousiña  
que é pequerrechiña  
que se asa no forno  
e non é fariña?

5.1. ¿Coñeces algunha lenda, costume, cantiga, refrán ou adiviña?. Escríbeas para ler na clase, e facer unha gravación con elas.

5.2. Con frecuencia se escoitan estas expresións:

“*Fixo o magosto*”

“*Castaña da terra*”

“*Auga de castañas*”

5.2.1. ¿Sabes o que significan?

5.2.2. ¿Coñeces algunha outra expresión?


## VI.- ESCRIBE UN CONTO. UN SUCESO NON CREIDO POR NINGUÉN

Inventar unha historia, algo que antes non fixo ninguén, é moi interesante. ¿Non che gustaría facelo? Seguramente estarás pensando que si, pero preguntaraste: ¿como o podo facer? Pois ben o primeiro que tes que ter é unha idea e seguro que tes moitas, pódelas encontrar en todo o que che rodea. ¿Verdade que algunhas veces cando tes que facer algunha cousa de repente recordas algo, pensas nelo e vas imaxinando aventuras ou historias?. Pois se nese momento colle-lo teu caderno e escribes o que imaxinaches de forma ordenada, xa tña-lo comenzo ou quizais o teu conto enteiro.

Esta actividade vala facer en tres etapas:

- a) Escribi-lo conto.
- b) Revisa-lo borrador e melloralo.
- c) Volver a reescribi-lo texto.

a) Para escribi-lo conto tes que ter en conta os aspectos que analizamos ó traballar co texto da “*castaña*”.



Para identifica-los elementos do conto pódénche axuda-las seguintes preguntas:

**-Escenario ou lugar:**

¿Onde ocorre esta historia?

¿En que época?

**-Personaxes:**

¿De que trata o conto?

¿Cales son os personaxes principais e os secundarios?

**-Problema:**

¿Teñen algún problema os personaxes?

**-Feitos ou accións:**

¿Cales son os feitos importantes dentro do conto?

**-Narrador:**

É o que conta a historia. Pode contala en primeira persoa, como se o protagonista dixera todo o que ve, o que din ou ven outros, ou ben narrala en terceira persoa describindo a cada personaxe ou cada feito como algo que se ve desde fóra da historia.

Recorda tamén que debes elixir un tema que tes que desenvolver en tres momentos:

1º.- Presentación.

2º.- Desenvolvemento.

3º.- Desenlace.

b) Volve le-lo texto, comproba se repites ideas, frases, palabras, etc..., se é así debes substituílas por outras (sinónimos, no caso das palabras). Debes usa-lo dicionarios para buscar sinónimos ou comproba-la ortografía. Sempre que non poidas solucionar as túas dúbidas debes preguntar ó profesor.

c) Volve a reescribi-lo texto.

## **VII.- ANÁLISE E VALORACIÓN DOS CONTOS.**

Tendo en conta o plantexamento desta proposta (ensinar ós alumnos a escribi-las súas propias producións), non pensamos nunha avaliación dos traballos producidos, sen embargo, si pensamos que se deben establecer uns criterios para realizar unha valoración cada vez que un alumno lea en voz alta o seu traballo, en relación coas instrucións que se lle deron nas actividades previas con respecto a:

-Narrador.

-Personaxes.

-Macro espacio-temporal.

-Sucesión dos feitos.

-Creativa persoal.

Esta actividade farase en sesións sucesivas e, por último será o profesor o que revise os traballos para facer aclaracións individuais e estimula-los para futuras producións.